

Departamento de Física e Química

ANEXO SOBRE A NORMATIVA DA AVALIACIÓN.

Debido ós cambios establecidos na **Orde do 25 de Xaneiro do 2022** , polo que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, establecemos os seguintes puntos-

AVALIACIÓN EN ESO

Debido a que queda suprimida a avaliación extraordinaria de setembro e que só haberá unha **avaliación ordinaria** a finais de Xuño puntualizanse as seguintes cuestións

-Na terceira avaliación poñerase a **nota media das tres avaliacións**.

-Os alumnos que non superen algunha ou algunhas das avaliacións ou partes delas farán actividades **no intervalo** comprendido entre a terceira avaliación e a **avaliación ordinaria** final . Ditas actividades serán de apoio, reforzo, e recuperación sobre os contidos non superados .

-Faráanse por tanto exames ou probas escritas para recuperar esas partes, ou outras actividades (de ampliación, traballos, ...) que o profesor considere adecuadas ás capacidades ou intereses dos alumnos nun determinado curso.

-Nos cursos nos que hai **alumnos con dificultades de aprendizaxe** como poden ser os **Agrupamentos Específicos**, poderanse facer outro tipo de actividades de recuperación ou reforzo máis sinxelas nos contidos .Con **tarefas adaptadas** ás capacidades ou/e intereses deste alumnado .

Estas tarefas serían do tipo :

- preguntas con **enunciados curtos**
- en **negrita** remarcando conceptos que faciliten a comprensión da pregunta.
- frases con espazos** para completar
- deixar espazos entre cada pregunta.
- permitir a presentación dalgún traballo
- poñer un reloxo online na pizarra para **axudarlles a repartir o tempo**.
- repasar a lectura dos enunciados, no caso de alumnos con dificultades lectoras.

-Os alumnos coa materia aprobada tamén poderán facer as actividades de ampliación ou de reforzo dos contidos . Ou axudar a outros compañeiros con dificultades en pro de estimular o traballo en grupo e o compañerismo.

-A nota final da materia na avaliación ordinaria non poderá ser menor que a da terceira avaliación.

Alumnado con materia pendente na ESO

Haberá un único exame entre o 1 e o 15 de Maio.

Previamente xa se terán realizado actividades e exames parciais de recuperación POR AVALIACIÓN para que os alumnos que o superen non teñan que ir á proba oficial de Maio.

Os alumnos con pendentes farán uns exercicios previos obrigatorios que deberán entregar con suficiente antelación ó profesor que os corruxará para resolver as cuestións ou problemas que o alumno non faga correctamente.

O exame escrito terá exercicios similares ós das actividades escritas anteriormente mencionadas.

Se o profesor o considera, poderá facer probas de varias avaliacións xuntas por beneficio do alumno sempre que sexa posible e convinte.

Se o alumno non aprobase algunha proba ou todas, terá a oportunidade oficial de Maio para facer unha proba global no día establecido pola dirección do Centro.

A proba de setembro de pendentes por tanto desaparece.

Pendientes en bacharelato : mantéñense os criterios establecidos na programación.

Nota media final. (Como facer a nota final)

No referido ós cálculos das notas medias, mantéñense os criterios da programación, non habendo cambios ó respecto. Facéndose a nota media de tódalas probas escritas realizadas e tendo que superar cada unha das avaliacións correspondentes.

AVALIACIÓN BACHARELATO

En bacharelato non hai cambios posto que segue habendo avaliación ordinaria e extraordinaria. Os criterios da avaliación son os establecidos nesta programación.

Despóis da avaliación ordinaria e antes da avaliación extraordinaria :

Os alumnos poderán recuperar a materia non superada con actividades de apoio, reforzo e probas escritas de recuperación, para superar a parte ou partes da materia que teñan suspensa.

Os resultados da avaliación expresaránse con cualificación numérica de 0 a 10.

En caso de non presentarse ás probas extraordinarias, poderán ter a nota de NP.

Os alumnos da ESO e Bacharelato, serán informados polos profesores dos respectivos cursos das novas medidas referidas á avaliación.